

LINGUA GALEGA E LINGUA ESPAÑOLA: UNHA INTERACCIÓN PEDAGOXICAMENTE NECESARIA

BIETTO SILVA VALDIVIA
I.C.E. - División do Profesorado

O sistema educativo español vén establecendo nos sucesivos plans de estudos que a lingua española ha de ser disciplina obrigatoria para tódolos escolares do Estado ó longo dos distintos niveis de ensino non universitarios. Por outra banda, a consecución do rango de oficialidade da lingua galega, supuxo tamén a súa incorporación a ese sistema educativo cunha entidade equiparable -en canto materia académica- á do español. Este feito, historicamente aínda recente, debería provocar un profundo debate pedagóxico entre os responsables académicos das dúas disciplinas, á procura dunha interacción didáctica que posibilitase a consecución de obxectivos comúns e a superación de guetos de natureza diversa nos que poden derivar actitudes de marxinação ou autoillamento.

Evidentemente, non se trata de obviar a problemática social en que se desenvolven as dúas linguas, nin de crer nunha tan ideal como irreal convivencia pacífica dos dous idiomas; senón de analizar seriamente o contexto educativo no que se desenvolve a aprendizaxe lingüística escolar e tirar conxuntamente as conclusións pedagóxicas e didácticas pertinentes. Sabemos que a problemática das linguas en contacto desborda por completo o marco educativo e, moito máis aínda, o específico daquelas materias que teñen encomendado o seu estudio; pero isto non significa que o planeamento curricular que se faga das mesmas non deba intentar articularse de xeito que, por unha banda, se fagan converxer esforzos cara a un mellor coñecemento dos dous códigos, e, por outra, se contemplan as implicacións que teñen, como materias curriculares, no sistema educativo en xeral e mesmo no comportamento sociolingüístico dos seus usuarios.

A cuestión estaría, en suma, en decidir se é posible -e conveniente- unha práctica educativa coordinada no ensino das dúas linguas, de qué maneira se debe manifestar esta coordinación, e qué referente último -mínimo, pero común- debe orientar a actuación dos profesores de lingua galega e de lingua española en Galicia.

Postulados previos e definición de obxectivos

1. En primeiro lugar sería conveniente, por racionalidade e pragmatismo, concordar en dous principios básicos: que o galego é a lingua propia de Galicia (como o acredita a análise histórica e mesmo as disposicións legais vixentes), e que o castelán non é un idioma estrño ó cidadán galego (tal como o declaran as mesmas regulacións legais e o que, se se quere vagamente, podemos chamar sentir colectivo).

Independentemente mesmo da elección lingüística que cadaquén faga para a súa interrelación social, non parece defendible hoxe que poida haber alumnos que abandonen o sistema educativo sen seren quen de empregar, correctamente e con capacidade para se adaptar a distintas situacións comunicativas, os dous idiomas. A función de instrumentos primarios de socialización e de vehículos de cultura que cumpren ámbolos dous, pero tamén outras razóns máis específicas, como a de sinal básico de identificación colectiva no caso do galego e a de lingua franca para a relación cos cidadáns do resto do Estado no caso do castelán, así o reclamarían.

Se isto se acepta nestes termos, cumpriría, entre outras actuacións, un cambio metodolóxico que atendera ó estudo da lingua no seu aspecto máis instrumental e de uso, por riba dos contidos conceptuais que ata agora viñan ocupando, de xeito ás veces obsesivo, ós profesores de lingua. E, por suposto, sería preciso tamén superar formulacións tan reduccionistas como a que se estableceu para a lingua galega na Lei de Normalización Lingüística, cando afirma que, ó rematar o período no que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos deberán coñecerlo "en igualdade co castelán". E non só polo que tén de prantexamento restrictivo e relativizador para o galego, senón tamén porque, na súa literalidade negativa, pode entenderse como un obxectivo cero para ámbolos dous idiomas. Aínda que se xustifique pola coxuntura histórica na que foi redactada e pola situación en que se atopan hoxe as dúas linguas, é necesario postular metas moito máis positivas.

Nesta perspectiva de mellorar a competencia lingüística dos alumnos, a coordinación pode ser especialmente fructífera para deslindar espacios de interferencia entre dous códigos tan próximos como son o do galego e o do castelán, e tamén para potenciar as especificidades respectivas. O proceso histórico que levou a un empobrecemento progresivo do idioma galego e a súa adscrición a certas esferas e usos socialmente minusvalorados converteuno nunha lingua bastante indefensa diante da outra lingua que cumpría a función de modelo no social e tamén no estritamente lingüístico. Pero tampouco o castelán, malia o seu carácter de lingua do ensino, dos medios de comunicación e do poder, se puido arredar da influencia da outra lingua coa que convivía socialmente, como o

demonstran os usos lingüísticos de moitos castelán-falantes mesmo en esferas socioculturais elevadas.

2. Parece tamén imprescindible asumir que a situación lingüística de Galicia, coa súa complexidade e mesmo conflictividade, non é só problema do profesor de lingua galega, senón que tamén debe ocupar ó profesor de lingua española.

E un principio pedagóxico básico que no momento de elaborar un plan de actuación didáctica cómpre analizar a realidade ambiental na que se vai desenvolver o acto educativo, para establecer, a partir desa información, as pautas que deben guiar a selección de obxectivos e contidos así como as estratexias didácticas máis axeitadas. Na área lingüística, máis sometida ca ningunha outra a condicionamentos externos á propia materia de aprendizaxe, esta necesidade convértese en ineludible, se se pretende que o traballo escolar sexa realmente formativo.

Aínda que non quixeramos ir máis alá do que se refire ó dominio do código, a xa mentada situación de interferencia -ás veces case de hibridación- en que viven na sociedade e na escola os dous idiomas xa sería razón dabondo para reclamar esta contextualización do traballo didáctico e tamén algún tipo de colaboración entre os profesores das súas linguas. Pero é que, ademais, a clase de lingua (galega ou española) en Galicia non se pode limitar á aprendizaxe da materia en cuestión e a corrixir os usos espurios para acadar un dominio máis correcto dos respectivos códigos. É necesario superar o exercicio metalingüístico a que se reduce a miúdo a actividade escolar dentro destas asignaturas, para adoptar un enfoque comunicativo moito máis amplo e integrador dos distintos factores que operan no momento de se establecer un acto de comunicación lingüística: situación na que se desenvolve (formal, familiar...), natureza do tema obxecto de tratamento lingüístico, tipo de interlocutor, etc. Só desta maneira se poderá dar entrada, como contidos lingüísticos tan específicos como os estrictamente gramaticais, a fenómenos como os da alternancia de códigos dentro dun mesmo discurso, de cambio de código por parte dun mesmo falante dentro dun mesmo acto comunicativo, ou das motivacións (non sempre de competencia/incompetencia lingüística) que explican moitos casos de interferencia.

Dicía Weinreich (1953) referíndose á situación de linguas en contacto que o lingüista que postula teorías sobre as influencias entre esas linguas, pero que non se ocupa da descrición do marco socio-cultural no que se desenvolven, deixa os seus estudos suspendidos no aire. Desde o punto de vista didáctico, o profesor de lingua que en Galicia se limite a describir o sistema lingüístico na súa dimensión formal está convertendo a aprendizaxe lingüística nunha operación mecanicista con moi escaso valor formativo. Se a interacción verbal é, en calquera circunstancia, un acto socializador no que a realización lingüística concreta vén determinada por

un conxunto de convencións sociais, éo aínda de xeito moito máis evidente cando hai dous idiomas de uso social dentro dunha mesma comunidade. E isto tén que ser motivo de análise e reflexión no ámbito especificamente destinado á formación lingüística dos falantes: a clase de lingua.

3. Por último, entendo que os profesores de lingua deberían ser os primeiros en reclamar unha planificación lingüística global que libere a actividade didáctica nesta área dunha serie de lastres e servidumes que non lle competen.

A relación que se establece entre dúas linguas vehiculares no seo dunha colectividade nunca se manifesta en forma de equilibrio, senón de diglosia máis ou menos inestable que tende a derivar en conflito aberto e declarado. Por iso cómpre rexeitar análises estáticas e exclusivamente descritivas, como son as que se derivan a miúdo da sociolingüística americana (Ferguson/1959, e mesmo Fishman/1967) para explicar situacións como a nosa. En Galicia, dentro dun modelo xeral de "lingua dominante/lingua dominada" danse, no en tanto, actitudes sociais contrapostas (de rexeitamento da propia lingua, pero tamén de lealdade lingüística declarada) e unha tensión permanente por ocupar novos espazos por parte do galego que indican unha resistencia a que se manteña unha situación diglósica estabilizada.

En calquera caso, a asimetría que demostra a evidente diferenciación de roles e valoración que se fai aínda hoxe socialmente dos dous idiomas é unha eiva para o exercicio didáctico na asignatura de lingua galega e tamén na de lingua española. Nun moi interesante estudio sobre o funcionamento do texto literario en contextos diglósicos, A. Figueroa afirma que "da mesma maneira que, en situacións de lingua B, o texto B resulta condicionado polo só feito de usalo, igualmente o texto en A para o lector B resulta "afectado" e é lido con modalidades distintas das dun lector do mesmo texto en situación normal". Unha reflexión sería sobre como se desenvolven os procesos de produción, transmisión e recepción lingüísticas en Galicia mostraríanos ata que punto están (eles e tamén o seu estudio escolar) condicionados pola situación lingüísticamente "anormal" na que nos movemos, e confirmaríanos que, aínda que sexa en sentido ben distinto, esa "anormalidade" afecta non só ás manifestacións realizadas en lingua B, senón tamén ás que se producen en lingua A.

Esta sería unha razón máis para que a Administración educativa encare definitivamente unha política lingüística que corrixa este desequilibrio. E que o faga tendo en conta os abondosos estudos e experiencias que se están a practicar noutras latitudes; porque, aínda que o obxectivo predicado sexa o do bilingüismo, con actuacións aparentemente semellantes pódese chegar a resultados claramente contrapostos. Como demostrara Lambert logo de varios anos de programas de inmersión en Montreal (1974), a competencia bilingüe tén moito que ver coa relación

de dominación entre as linguas implicadas: cando un individuo dun grupo etnolingüístico de alto prestixio segue programas favorecedores da lingua socialmente menos considerada, prodúcese unha situación de *bilingüismo aditivo*, incorporando a nova lingua sen que a súa resulte perxudicada; pero, cando a experiencia se realiza con individuos de grupos etnolingüísticos máis desprestixiados, o que acontece é un fenómeno de *bilingüismo sustractivo*, e a adquisición da nova lingua faise sempre en detrimento da lingua propia ou materna.

Pautas para unha actuación didáctica coordinada

A coordinación didáctica que se propón, a partir dun consenso mínimo sobre as cuestións indicadas con anterioridade, tería que ir moito máis alá dunha unificación terminolóxica (por todos reclamada) e dun reparto dos contidos lingüístico-gramaticais que conforman os programas de ambas asignaturas.

Trataríase de asumir unha auténtica filosofía de Área curricular caracterizada polas seguintes orientacións:

1. Un enfoque instrumental tendente a mellorar a competencia lingüística dos alumnos.

Neste sentido, débese seleccionar e secuenciar os contidos pensando en que sirvan de reflexión sobre o uso, deseñar actividades de aprendizaxe centradas na análise contrastiva das estruturas das dúas linguas, explicitar estratexias moi xeneralizadas en contextos bilingües como son a analoxía e a ultracorrección, e darlle un maior protagonismo á lingua viva (especialmente a oral).

2. A potenciación de actitudes reflexivas e razoadas sobre as manifestacións propias de linguas en contacto.

Para elo cómpre identificar no uso lingüístico cotián indicios desa situación, valorar a súa natureza e as causas (lingüísticas, psicolóxicas ou sociais) que os provocan e reclamar unha comprensión do criterio de corrección como algo máis có resultado dunha simple obsesión purista.

3. A utilización de textos como soporte didáctico que vehicule todo o traballo de aula, procurando que na selección dos mesmos se dea entrada a producións lingüísticas realizadas en contextos comunicativos diversos, con funcionalidade distinta e que atendan a usos lingüísticos tamén moi variados.

4. A realización de adaptacións curriculares que se axeiten ó marco sociolingüístico no que se desenvolve o acto educativo.

As circunstancias nas que se moven as dúas linguas non son uniformes ó longo da xeografía de Galicia, razón pola cal non se poden defender prantexamentos didácticos de validez xeral, debendo ser o conxunto de profesores da Area quen decidan en cada situación concreta os procedementos e estratexias máis indicadas.

Neste momento de discusión sobre a reforma educativa, sería conveniente introducir tamén este tema como un elemento de debate máis entre o colectivo afectado. Obrigaría, cando menos, a unha clarificación de posturas e posiblemente facilitaría a superación de tópicos e reservas ás veces pouco xustificadas.

Así o entenderon os responsables da Area de Lingua Galega e Lingua Española no Gabinete para a Reforma Educativa da Consellería de Educación, ó chegaren a un entendemento decisivo na elaboración do Deseño Curricular Base para a etapa da Secundaria Obrigatoria, pero este esforzo resultará inútil se non téñ continuidade no traballo dentro dos centros e das propias aulas.

Referencias bibliográficas

- Weinreich, U. (1953): *Langages in contact*, Mouton, The Hague.
- Ferguson, C.A. (1959): "Diglossia", *Word* 15.
- Fishman, J.A. (1967): "Bilingualism with and without Diglossia, Diglossia with and without Bilingualism", *Journal of Social Issues* XXIII, 2.
- Figueroa, A. (1988): *Diglosia e texto*, Ed. Xerais, Vigo, páx. 10.
- Lambert, W.E. (1974): "Culture and language as factors in learning and education", en Aboud e Meade (Eds.), *Cultural factors in learning*, Bellingham - W. Whashington State College.